Letras Galegas

2018

María Victoria Moreno

Vivo, deixo vivir e, se podo, axudo a vivir

Programación

11 de Maio - ás 12h. Biblioteca Municipal

OLGA BRAÑAS, co espectáculo "Pitusa Semifusa"

Pitusa Semifusa é unha nena que quere aprender todo sobre as familias de instrumentos e ven acompañada da súa avoa, unha prestixiosa directora de orquestra. Queres coñecer os intrumentos con nós? Pois ven a tocar, cantar e bailar.

11 de Maio - ás 20h. Auditorio Municipal

Xardín Desordenado, co espectáculo "Victoria da luz"

Do estudo compartido polos músicos de Xardín Desordenado sobre os poemas de María Victoria, todos coincidimos en destacar como liña peculiar da súa obra a luminosidade, mesmo naqueles poemas máis "duros" dende o punto de vista argumental. Ata o punto de que decidimos titular o proxecto: "Victoria da Luz" utilizando ese concepto a modo de "apelido" de María Vitoria.

14 de Maio - ás 11h. Colexio O Ruxidoiro/ás 12:30h. Colexio Filomena Dato

Charlatana, co Espectáculo "Os contos da festa no faiado, homenaxe a María Victoria Moreno"

"Os Contos da Festa no Faiado" é unha sesión de contos para achegar ás nenas e nenos a figura de María Victoria Moreno, ao seu mundo divertido cheo de amor pola lingua galega, os animais, as viaxes, o mar... Contos cheos de preguntas, para que o público interactúe, inventando e enchendo de vida os contos contados.

15 de Maio - ás 12:h. Biblioteca Municipal

Raquel Queizás, co espectáculo "Ruta propia"

Aparece na biblioteca un caixón cheo de libros, xoguetes, chapeus, fotografías, follas escritas... Un verdadeiro tesouro que nos levará a coñecer o mundo cheo de historias creado e soñado por Maria Victoria Moreno. Mentres aprendemos a linguaxe das estrelas e escoitamos soños, ela nos convidará a viaxar ao seu carón. Un vello e coqueto chapeu se transforma no volante de A Teresita, o seu coche.

16 de Maio - ás 12:h. Auditorio Municipal

Pallaso Piruleta e Cia, co espectáculo "A aventura máxica na Biblioteca"

Don Renato é un bibliotecario atípico: transforma contos en cancións, repara libros con maxia, convive con seres fantásticos... Necesita atopar un agasallo especial para un amigo pero non sabe qué agasallarlle. Quere que sexa algo único, reflexo da amizade que os une ¿Gustaríache saber qué agasallo consegue finalmente fabricar?

16 de Maio - ás 20:h. Auditorio Municipal

Álvaro Muras, co espectáculo "Letras Galegas 2018"

Un percorrido guionizado con música e maxia, a través da vida e obra da escritora María Victoria Moreno Márquez. Un espectáculo con fondo musical e moita ilusión que navegará durante 55 minutos con cancións, con cordas e panos máxicos e tamén ca colaboración do público para facelo mais interactivo e divertido.

24 de Maio - ás 12:h. Biblioteca Municipal

Polo Correo do Vento, co espectáculo "Contacontos ilustrado, mulleres galegas"

Ángeles Alvariño, Maruja Mallo, ERnestina Otero, María Victoria moreno e moitos outras mulleres para contar e ilustrar.

25 de Maio - ás 20:h. Auditorio Municipal

Yolanda Castaño e Isaac Garabatos, "espectáculo de poesía e música"

Concerto fusión de música e poesía recitada a cargo de Yolanda Castaño e Isaac Garabatos. Os versos dun dos rostros máis populares da poesía galega tócannos a emoción agora acompañados polo saber facer dun músico da excelencia e versatilidade de Isaac Garabatos. A mellor poesía galega actual nun formato capaz de seducir a propios e estraños!

Organiza: **Concellaría de Cultura de Barbadás**

Colaboran: XUNTA DE GALICIA